## PASOS PARA SOLICITAR CHEQUES DIXITALIZACIÓN COVID 2019 (PORCEDEMENTO IG278) NA OFICINA VIRTUAL

1. Acceder a www.tramita.igape.es e **rexistrarse como usuario** indicando un nome de usuario e contrasinal que deberá lembrar .




2. Unha vez rexistrado, **acceder á Oficina Virtual**







3. Se é a primeira vez que accede, debe **dar de alta ao solicitante**, para iso na opción **Crear nova empresa:**







Deberá cubrir os seguintes datos:

➢ En forma xurídica; por exemplo:

- se é un autónomo escoller – EMPRESARIO INDIVIDUAL (AUTÓNOMO)
- se é unha S.L – SOCIEDADE DE RESPONSABILIDADE LIMITADA

- No nome/razón social: se é unha sociedade: **EMPRESA SOLICITANTE, S.L**. (o nome da empresa seguido dunha coma, e as siglas de S.L. ou S.A. segundo corresponda.
- CIF coa letra sen espazos (exemplo: B1500000)

**4.** Unha vez creado o solicitante, debe ir a **Programas Igape** para escoller a axuda que quere solicitar. Neste caso, debe pinchar no código **IG278** para solicitar a axuda.




**5.** Confirmar que o solicitante é o que consta como empresa actual e que os datos son correctos dándolle a seguinte.



XUNTA DE GALICIA | igape



## Paso 2 de 2: Confirmar os datos

Confirme que desexa crear unha solicitude para o programa e a empresa seleccionadas.

**Datos do programa**

Programa: Bases Cheques Dixitalización 2020 - IG278.2020.1 - Axudas a proxectos de ...

**Datos da empresa**

Forma xurídica: SOCIEDADE DE RESPONSABILIDADE LIMITADA

Razón Social: EMPRESA X, S.R.L.

CIF/NIF: B15000000

Anterior | Finalizar

6. **Ábrese o cuestionario** que hai que cumplimentar.



Info. Empresa (3)
- Datos Part.
- Dimensión empresa
- Actividade

Proxecto (6)
Financiación (3)
Anexos (6)

Gardar | Imprimir | Volver | Anterior | 1 de 17 | Seguinte

Titular: EMPRESA X, S.R.L.

Cuestionario (IG278) :179666 (Cuestionario)

1. DATOS SOLICITANTE:

Forma Xurídica: SOCIEDADE DE RESPONSABILIDADE LIMITADA

NIF: B15105778 | Nome ou R. Social: EMPRESA X, S.R.L. (1)

País: 999 ESPAÑA | Provincia: 27 LUGO

Concello: 27018 A FONSAGRADA | C. P.: 27

Parroquia: | Lugar:

Enderezo social: Rua | Nº:

Resto Enderezo:

Rex. industrial: | Data de constitución (dd/mm/aaaa): 01/01/2020

Adscrita a un cluster: Si / Non

Teléfonos: Fixo: Móbil: 666666666 | Fax:

Email: informa@igape.es | Páxina Web:

Escritura Nº: | Data escritura:

Outorgada polo notario: | Nº de protocolo:

(1) Recorde que o formato do nome é *Nome da empresa, S.A.* (en lugar de S.A. pode ser calqueira tipo de sociedade).
Se se trata dunha sociedade en Constitución aclaralo no nome mediante a o formato *Nome da empresa, S.A. (EN CONSTITUCIÓN)*

Na opción **"COMPLETAR O FORMULARIO DE SOLICITUDE"** pode acceder en calquera momento para seguir engadindo datos mentres no se peche o cuestionario.

7. Unha vez completo deberá **ACEPTAR OS DATOS**, isto implica o peche do cuestionario.




**8.** Unha vez aceptados os datos, *deberá presentarse obligatoriamente por vía electrónica.*

Para achegar xunto co formulario de solicitude os documentos en formato electrónico o solicitante deberá previamente dixitalizar os documentos orixinais obtendo arquivos en formato PDF (**máx. 4 MB**). Será necesario que o asinante da solicitude teña a representación legal da empresa ou entidade solicitante.

Xunto co formulario de solicitude, presentarase a seguinte documentación:

a) Escritura ou documento xuridicamente válido de constitución, estatutos debidamente inscritos no rexistro competente, modificacións posteriores destes e acreditación da representación con que se actúa, no caso de entidades non inscritas no Rexistro Mercantil.
b) Memoria descritiva do proxecto, que deberá ser cuberta no formulario electrónico de solicitude, e deberá conter unha descrición dos seguintes aspectos:
- Descrición da situación actual e o problema de adaptación para o que se require o proxecto.
- Especificación da solución que se adoptará e previsión de resultados.
- Plan de traballo.

Non será necesario achegar os documentos que xa foran presentados anteriormente. Para estes efectos, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os citados documentos.

Presumirase que esta consulta é autorizada polas persoas interesadas, salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa.




Cando a solicitude chegue ao rexistro do Igape asignaráselle un número de expediente que poderá ver no apartado Expedientes da Oficina Virtual.

